



Concello de Vilalba

BASES

I PREMIO DE XORNALISMO CULTURAL “RAMÓN CHAO”

O Concello de Vilalba, co fin de homenaxear a figura de Ramón Chao e a través deste premio facer extensiva esta homenaxe, a profesionais ou colaboradores habituais que contribúen decote ao xornalismo cultural.

PRIMEIRA.

Poderán optar a este premio todos os profesionais ou colaboradores habituais que exerzan o seu labor en medios de comunicación escritos, audiovisuais ou dixitais, en calquera das súas modalidades.

SEGUNDA.

Consistirá nun único premio e a dotación será de **3.000 euros**

O financiamento do premio farase con cargo á aplicación orzamentaria **334.48942** (orzamento municipal 2023 do Concello de Vilalba).

TERCEIRA.

As propostas para optar ao premio poderán ser, indistintamente, presentadas polos propios interesados, e por medios de comunicación, entidades de promoción cultural, institucións, asociacións ou colectivos.

CUARTA.

Os traballos ou conxuntos de traballos -escritos, gráficos, audiovisuais ou dixitais- que participen no concurso, terán que estar publicados en medios de comunicación galegos ou noutros medios de comunicación, pero deberán referirse a Galicia, acreditando a súa difusión durante o ano 2022. **Valorarase de xeito positivo a realización e presentación de traballos en lingua galega.**

QUINTA.

O xurado estará composto por:

- Un representante da rede cultural Amigos de Prisciliano.

BASES APROBADAS POR **XUNTA DE GOBERNO** O ____ DE _____ DE 2022

Fdo. La Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE



Concello de Vilalba

- Un representante do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.
- Un representante do Centro Internacional de Prensa de Galicia.
- Un representante da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela,

e estará presidido pola Concelleira de Cultura ou persoa en quen delegue e actuando de secretario/a técnica/o de cultura ou persoa en quen delegue.

A composición do xurado farase pública na páxina web <https://www.vilalba.gal/> e na Sede Electrónica do concello.

No caso de que as obras presentadas non acadasen o nivel esixible a xuízo do xurado para a obtención do premio ou non tivesen a categoría suficiente, poderá declararse deserto.

Unha vez que se reúna o xurado darase a coñecer o premiado/a, na páxina web <https://www.vilalba.gal/> na Sede Electrónica do concello e a través dos distintos medios de comunicación.

SEXTA.

O prazo de recepción de propostas e presentación de traballos desta primeira edición comeza desde a data de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo das presentes bases e remata o **13 de febreiro de 2023 ás 23.59h**, Día Mundial da Radio, medio onde Ramón Chao exerceu a maior parte da súa vida profesional.

O acto de entrega do premio terá lugar no mes de maio (**o 3 de maio de 2022**), coincidindo co mes no que se celebra o *Día Mundial da Liberdade de Prensa*.

SÉTIMA.

Modo de envío das propostas:

1) As propostas presentaranse **exclusivamente a través da páxina web do Concello de Vilalba, no apartado "I premio de xornalismo cultural Ramón Chao".**

por vía electrónica mediante a dirección -----

(**No formulario/ Anexo**), os participantes farán constar os seus datos persoais: nome e

BASES APROBADAS POR **XUNTA DE GOBERNO** O ____ DE _____ DE 2022

Fdo. La Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE



Concello de Vilalba

apelidos, enderezo, teléfono, correo electrónico, DNI e un breve currículo vitae, indicando o medio e a data de publicación/difusión do traballo presentado. (modalidades:)

Modalidade 1: **prensa escrita**, os traballos enviaranse escaneados nun arquivo PDF;

Modalidade 2: **radio**, os audios enviaranse en formato mp3;

Modalidade 3: **televisión**, enlace ao vídeo para poder visualizar e descargar o traballo;

Modalidade 4: **fotografía**, os arquivos en formato PNG ou JPG da foto e da páxina (PDF), e no caso de traballos en **xornais dixitais**, arquivos escaneados en PDF e enlace á páxina web na que figura o traballo.

2) Os participantes achegarán unha declaración asinada polo autor/autores do traballo (en formato PDF), na que certifican a súa autoría e a publicación/emisión da obra presentada a este certame, facendo constar o medio de difusión e a data na que foi difundida. Se os traballos se publicaron/emetiron sen asinar ou con pseudónimo, deberá achegarse un certificado do medio de comunicación, no que conste a data de publicación/emisión e o nome do/s autor/es.

OITAVA.

_ O importe do premio estará suxeito aos impostos e retencións legais que lle sexan de aplicación.

O/A premiado/a deberá acreditar estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade social, mediante certificados aos que se refire o artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Ademais, terán que achegar declaración responsable acreditando non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

O concello comprobará de oficio que o gañador/a do premio está ao corrente das súas

BASES APROBADAS POR **XUNTA DE GOBERNO** O ____ DE _____ DE 2022

Fdo. La Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE



Concello de Vilalba

obrigas tributarias co Concello de Vilalba.

_ O premio está dotado de 3.000 €, que a persoa gañadora recibirá como pago único.

NOVENA.

O fallo do xurado é inapelable, os concursantes aceptan integramente estas bases así como cantas decisións adopte o Concello de Vilalba para que estas poidan ser interpretadas e aplicadas.

Logo de darse a coñecer o fallo do xurado procederase á destrución dos traballos non premiados.

DÉCIMA.

Os datos persoais dos participantes, serán tratados con toda a rigorosidade que esixe a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, tratándose todos os seus datos de acordo aos dereitos establecidos no seu Título III e conforme ao mandato establecido na Constitución Española (art.18), relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos e ás restricións concernentes á circulación dos datos persoais achegados polos participantes á organización deste concurso.

BASES APROBADAS POR **XUNTA DE GOBERNO** O ____ DE _____ DE 2022

Fdo. La Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE